



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2022/3	O Pleno

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	26 de maio de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 19:30 ata as 22:18 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Marisol Morandeira Morandeira
<b>Secretario</b>	Pablo Portela Fernández

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33852423B	Jose Ferreiro Fernandez	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ





## Concello de Guitiriz

33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Aprobación da acta da sesión anterior de data 31/03/2022

Aprobada cos votos favorables do PSOE e en contra do PP e BNG por non terlles dado quenda de replica despois da ultima intervención da alcaldesa na sesión plenaria de referencia.

#### Expediente 238/2022. Solicitud de bonificación ICIO licenza de obra.

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**<< RECOÑECEMENTO DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO). DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS OU OBRAS. Expte: 238/2022.**

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

Solicitud de Juan Carlos Cabanelas Rodríguez, en representación de MADRID AIRPORT HOTELS SL do 22/03/2020 (RE: E-311) de licenza urbanística para reparación, mantemento e actividade de Gran Hotel Balneario – Casa Club – Capilla – Mezquita y Campo de Golf.

Declaración de autoliquidación de exaccións urbanísticas co seguinte desglose:

OBRIGADO AO PAGO	TRIBUTO	BASE IMPOÑIBLE (OEM)	TIPO DE GRAVAME	COTA TRIBUTARIA (OEM)
MADRID AIRPORT HOTELS SL CIF: B88236633	Taxa por Licencias Urbanísticas	5.384.364,73	0,12% (mínimo 30,00 €)	6.461,23
	ICIO	5.384.364,73	2,2%	118.456,02
			TOTAL	124.917,25

Fichas 2\_3\_39 e 3\_4\_03 do Catálogo do PXOM, na que constan que se trata de bens protexidos.





## Concello de Guitiriz

Certificado urbanístico 2022-0102 de data 28/04/2022 en referencia a licenza de obra do promotor MADRID AIRPORT HOTELS SL.

Solicitud de bonificación de ICIO achegada por Juan Carlos Cabanelas Rodríguez, en representación de MADRID AIRPORT HOTELS SL do 22/03/2022 (RE: E-311).

Providencia de alcaldía de inicio de expediente de bonificación de data 28/04/2022.

Informe – proposta técnico asinado con data 28/04/2022 polo Técnico de xestión Económica (Tesoureiro), donde se fai o cálculo da cota do imposto destacando o seguinte:

“ Tendo en conta o OEM presentado polo solicitante o imposto sobre construcións, instalacións e obras según o artigo 5 e 8 da Ordenanza Fiscal publicada no BOP de Lugo de data 25/02/2012 e o Anexo I Módulos Valorativos de obras maiores sería:

- 2,2% sobre o presuposto ..... 118.456,02 €

Aplicando a modificación da ordenanza en canto a bonificacións de interés especial ou utilidade pública municipal substanciais e a bonificación do 75% na cota do imposto municipal de construción, instalación e obras, a cota a abonar do ICIO será 29.614,01 €, sendo a bonificación polo importe de 88.842,01 €.”

Informe de Alcaldía acerca da concurrencia das causas de especial interese ou utilidade pública.

Informe de intervención 2022-0100 de data 02/05/2022 no que conclúe o seguinte:

### “ V) CONCLUSIÓN:

Por todos estos argumentos o informante estima que **procede acceder á petición de bonificación e recoñecer a mesma polo 75 por cento da cota do ICIO tal e como se expón no informe técnico por proxecto de Rehabilitación de Edificio como Casa – Museo de Xosé María Díaz Castro, segundo a solicitude do interesado que figura nos antecedentes así como realizar unha liquidación provisional tomando como referencia o cálculo do orzamento de execución material achegado polo solicitante, quedando suxeita á liquidación definitiva que resulte da finalización das obras.**

O importe da **bonificación (75 %) será de 88.842,01 €**, sendo a cota a abonar do ICIO polo importe de 29.614,01 €.”

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:

-Artigos 23 e 101 do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo.

- Artigo 6 da Ordenanza Fiscal reguladora reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, modificado na sesión plenaria de data 25/03/2021 e publicada no BOP número 122 de data 01/06/2021.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a competencia municipal na materia atribuída polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e as atribucións concedidas ao Pleno polo artigo





## Concello de Guitiriz

22.2 da LBRL.

O Pleno da corporación, por unanimidade dos seus integrantes, adoptou o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Conceder a MADRID AIRPORT HOTELS SL, con CIF B88236633, unha bonificación do 75 % na cota do imposto municipal de construcións, instalación e obras(ICIO) solicitada de acordo co artigo 6 da ordenanza fiscal municipal do ICIO, por concorrer circunstancias sociais para declarar a obra reparación, mantemento e actividade de Gran Hotel Balneario – Casa Club – Capilla – Mezquita y Campo de Golf, de especial interese ou utilidade municipal, polo que a cota a abonar do ICIO (calculada co orzamento de execución material achegado polo solicitante (OEMP) será 29.614,01 euros, quedando suxeita á liquidación definitiva que resulte da finalización das obras.

O importe da bonificación (75%) será de 88.842,01 €.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado e aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que vista a solicitude de bonificación do ICIO presentada por Airport Hotels SL poderán beneficiarse dunha bonificación do 75% na cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras solicitada de acordo co artigo 6 da ordenanza fiscal municipal do ICIO por concorrer circunstancias sociais para declarar a obra reparación, mantemento e actividade de Gran Hotel Balneario – Casa Club – Capela – Mezquita e Campo de Golf, de especial interese ou utilidade municipal, cunha bonificación do 75% de 88.842,01 €, polo que a cota a abonar do ICIO será 29.614,01 euros,

O Grupo Popular neste concello esta a favor deste bonificación posto que o Balneario representa a primeira división do turismo termal en Galicia, pois Guitiriz é coñecido polo seu Balneario e polas tortas de millo e como vila de veraneo. A apertura do Balneario representa para Guitiriz moitos traballos directos e indirectos o que supón unha gran importancia económica e serve de impulso para outros negocios como os da hostalería.

Estamos a favor da bonificación.

O voceiro do BNG di que o 25 de marzo de 2021 aprobouse en pleno a modificación da ordenanza do ICIO, en concreto o artigo 6, polo que non debe de haber ningún problema para conceder esta bonificación. Entendemos que para esta bonificación potestativa se cumpren os requisitos do artigo 6, apartado a.2) o cal di que ten que cumprir unhas circunstancias sociais, culturais e histórico artísticas as cales serían obras de rehabilitación o elementos protexidos polo PXOM do Concello de Guitiriz, especifica que a bonificación será do 75%. por todo o cal imos votar a favor.

A Sra. Alcaldesa dí que ademais de poñer en valor o que significa que o Balneario recupere a súa actividade para o noso concello o único que estamos facendo é darlle cumprimento a ordenanza que temos aprobada.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.**

**Expediente 281/2022. Solicitude de bonificación de ICIO de Licenza ou Autorización Urbanística.**

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

**<< RECOÑECEMENTO DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS,**





## Concello de Guitiriz

### INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO). DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS OU OBRAS. Expte: 281/2022.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

Solicitud de José Luis López Morandeira do 03/03/2022 (RE: E-221) de licenza urbanística para ampliación de explotación de vacún de leite.

Declaración de autoliquidación de exaccións urbanísticas co seguinte desglose:

OBRIGADO PAGO	AO	TRIBUTO	BASE IMPOÑIBLE (OEM)	TIPO GRAVAME DE	COTA TRIBUTARIA (OEM)
JOSÉ LUIS LÓPEZ MORANDEIRA NIF: 33335034F		Taxa por Licencias Urbanísticas	180.590,00	0,12% (mínimo 30,00 €)	216,70
		ICIO	180.590,00	2,2%	3.972,98
				<b>TOTAL</b>	<b>4.189,68</b>

Solicitud de José Luis López Morandeira do 21/03/2022 (RE: E299) de bonificación do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), segundo o publicado no BOP de Lugo de 01/06/2021.

Providencia de alcaldía de inicio do expediente de bonificación de data 27/04/2022.

Informe – proposta técnico asinado con data 28/04/2022 polo Técnico de xestión Económica (Tesoureiro), onde se fai o cálculo da cota do imposto, destacando o seguinte:

*“CUARTO. Tendo en conta o exposto o imposto sobre construcións, instalacións e obras según o artigo 5 e 8 da Ordenanza Fiscal publicada no BOP de Lugo de data 25/02/2012 e o Anexo I Módulos Valorativos de obras maiores sería:*

- 2,2% sobre o presuposto ..... 3.972,98€

*Aplicando a modificación da ordenanza en canto a bonificacións de interés especial ou utilidade pública municipal substanciais e a bonificación do 50% na cota do imposto municipal de construción, instalación e obras a cota a abonar do ICIO será 1.986,49 €, sendo a bonificación polo mesmo importe.”*

Informe de intervención 2022-0099 de data 02/05/2022 no que conclúe o seguinte:

#### “ V) CONCLUSIÓN:

*Por todos estos argumentos o informante estima que **procede acceder á petición de bonificación e recoñecer a mesma polo 50 por cento da cota do ICIO por execución de proxecto de ampliación de explotación de vacun de leite, segundo a solicitud do interesado que figura nos antecedentes así como á autoliquidación achegada polo mesmo, quedando suxeito á liquidación definitiva que resulte da finalización das obras.***





## Concello de Guitiriz

*O importe da bonificación (50%) será de 1.986,49 €, sento a cota a abonar do ICIO polo mesmo importe de 1.986,49 €."*

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:

-Artigos 23 e 101 do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo.

- Artigo 6 da Ordenanza Fiscal reguladora reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, modificado na sesión plenaria de data 25/03/2021 e publicada no BOP número 122 de data 01/06/2021.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a competencia municipal na materia atribuída polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e as atribucións concedidas ao Pleno polo artigo 22.2 da LBRL.

O Pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.**- Conceder a " José Luis López Morandeira ", con DNI: 33335034-F, unha bonificación do 50% na cota do imposto municipal de construcións, instalación e obras(ICIO) solicitada de acordo co artigo 6 da ordenanza fiscal municipal do ICIO, por concorrer circunstancias sociais para declarar a obra ampliación de explotación de vacún de leite, de especial interese ou utilidade municipal, polo que a cota a abonar do ICIO será 1.986,49 euros, quedando suxeita á liquidación definitiva que resulte da finalización das obras.

O importe da bonificación (50%) será de 1.986,49 €.

**SEGUNDO.**- Notificar o presente acordo ao interesado e aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Aberto o debate pola Presidenta o voceiro do PP di que procede conceder a bonificación do 50% da cota do ICIO por execución de proxecto de ampliación de explotación de vacún de leite. O importe da bonificación (50%) será de 1.986,49 € xa que segundo a ordenanza do ICIO concorren as circunstancias para declarar a obra de ampliación de vacún de leite de especial interese na utilidade municipal. É importante que haxa empresas como estas no noso concello pois a gandería e moi importante no presente e futuro do noso concello, polo cal os/as concelleiros/as do Partido Popular estamos de acordo con esta bonificación e imos votar a favor.

O voceiro do BNG di que vai dar lectura ao apartado A1) da ordenanza que se modificou:  
<< A1.- CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS.

*Construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins, cando concorran as circunstancias seguintes:*

*-Inscripción da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras ou comunicación previa de inicio de obras.*

*-Que o solicitante beneficiario sexa traballador autónomo, Cooperativa ou SAT formadas exclusivamente por persoas físicas.*





## Concello de Guitiriz

En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

A bonificación poderá ser, motivada, de hasta o 90% da cota do imposto, en función da importancia económica e social de cada caso concreto, e da capacidade económica do Concello en orde o seu equilibrio orzamentario.>>

Neste caso decidiuse unha bonificación do 50% e nós estamos de acordo.

A Sra. Alcadesa di que isto vén derivado dunha modificación da ordenanza fiscal reguladora do ICIO aprobada nesta lexislatura por parte de todos os membros desta corporación co fin de apoiar ao sector primario posto que é sector económico máis importante no noso concello.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.**

### Expediente 350/2020. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**<<RECOÑECEMENTO DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO). DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS OU OBRAS. Expte: 350/2020.**

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

Solicitud de Martiño Roca Ares, en representación da Asociación Cultural Xermolos do 18/03/2020 (RE: E-78) de licenza urbanística para Rehabilitación de Edificio como Casa – Museo de Xosé María Díaz Castro, na que tamén se solicita a exención dos impostos municipais.

Orzamento achegado na memoria do proxecto, do que se desprendería, segundo o OEM declarado, unha liquidación cos seguintes conceptos:

OBRIGADO PAGO	AO	TRIBUTOS	BASE IMPOÑIBLE (OEM)	TIPO GRAVAME	DE	COTA TRIBUTARIA (OEM)
ASOCIACIÓN CULTURAL XERMOLOS CIF: G27014885		Taxa por Licencias Urbanísticas	192.590,30	0,12% (mínimo 30,00 €)		231,11
		ICIO	192.590,30	2,2%		4.236,99
				<b>TOTAL</b>		<b>4.468,10</b>

Ficha 2\_2\_19 do Catálogo do PXOM, na que consta que se trata dun ben protexido.

Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para as actuacións proxectadas sobre o ben





## Concello de Guitiriz

inmuble catalogado.

Informe técnico urbanístico 2020-0125 de data 22/04/2020 en referencia a licenza de obra do promotor Asociación Cultural Xermolos, onde se considera que o orzamento de execución material segundo módulos básicos (O.E.M.B.) é inferior ao orzamento de execución material de proxecto (O.M.E.P.).

Solicitude de bonificación de ICIO achegada por Martiño Rocas Ares, en representación da Asociación Cultural Xermolos do 21/04/2020 (RE: E-109).

Providencia de alcaldía de inicio de expediente de bonificación de data 27/04/2022.

Informe – proposta técnico asinado con data 28/04/2022 polo Técnico de xestión Económica (Tesoureiro), donde se fai o cálculo da cota do imposto destacando o seguinte:

“ **CUARTO.** Tendo en conta que, segundo o informe técnico urbanístico, e o cálculo do OEMB en función do anexo I Módulos Valorativos de obras maiores (disposición final da ordenanza reguladora de ICIO), éste é menor que o OEM presentado polo solicitante.

Polo tanto o imposto sobre construcións, instalacións e obras según o artigo 5 e 8 da Ordenanza Fiscal publicada no BOP de Lugo de data 25/02/2012 e o Anexo I Módulos Valorativos de obras maiores sería:

- 2,2% sobre o presuposto ..... **4.236,99 €**

Aplicando a modificación da ordenanza en canto a bonificacións de interés especial ou utilidade pública municipal substanciais e a **bonificación do 75%** na cota do imposto municipal de construción, instalación e obras, a cota a abonar do ICIO será 1.059,25 €, sendo a bonificación polo importe de 3.177,74 €”

Informe de Alcaldía acerca da concurrencia das causas de especial interese ou utilidade pública.

Informe de intervención 2022-0101 de data 02/05/2022 no que conclúe o seguinte:

### “ V) CONCLUSIÓN:

Por todos estos argumentos o informante estima que **procede acceder á petición de bonificación e recoñecer a mesma polo 75 por cento da cota do ICIO tal e como se expón no informe técnico por proxecto de Rehabilitación de Edificio como Casa – Museo de Xosé María Díaz Castro, segundo a solicitude do interesado que figura nos antecedentes así como realizar unha liquidación provisional tomando como referencia o cálculo do orzamento de execución material achegado polo solicitante, quedando suxeita á liquidación definitiva que resulte da finalización das obras.**

O importe da **bonificación (75 %)** será de **3.177,74 €**, sendo a cota a abonar do ICIO polo importe de 1.059,25 €”

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:

-Artigos 23 e 101 do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo.

- Artigo 6 da Ordenanza Fiscal reguladora reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, modificado na sesión plenaria de data 25/03/2021 e publicada no BOP número 122 de data 01/06/2021.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo







## Concello de Guitiriz

común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a competencia municipal na materia atribuída polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e as atribucións concedidas ao Pleno polo artigo 22.2 da LBRL.

O Pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.**- Conceder a Asociación Cultural Xermolos, con CIF G27014885, unha bonificación do 75 % na cota do imposto municipal de construcións, instalación e obras(ICIO) solicitada de acordo co artigo 6 da ordenanza fiscal municipal do ICIO, por concorrer circunstancias sociais para declarar a obra rehabilitación de edificio como Casa – Museo de Xosé María Díaz Castro, de especial interese ou utilidade municipal, polo que a cota a abonar do ICIO (calculada co orzamento de execución material achegado polo solicitante (OEMP) será 1.059,25 euros, quedando suxeita á liquidación definitiva que resulte da finalización das obras.

O importe da bonificación (75%) será de 3.177,74 €.

**SEGUNDO.**- Notificar o presente acordo ao interesado e aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Aberto o debate pola Presidenta o voceiro do PP di que vistos todos os antecedentes que constan no expediente e visto que a Casa Museo de Diaz Castro representa para o noso concello un investimento moi importante para o desenvolvemento socio-cultural en Galicia polo que imos votar a favor.

O voceiro do BNG di que estamos no mesmo caso que no Balneario polo que a ordenanza fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras no seu punto A2, circunstancias culturais e histórico artísticas, inclúe obras de rehabilitación ou elementos protexidos polo PXOM e a bonificación será do 75%.

Estamos de acordo posto que é unha obra moi necesaria a nivel cultural para o noso concello.

A Sra. Alcaldesa di que tendo en conta o que representa a Asociación Cultural Xermolos neste territorio é importante poñer en valor a casa de Diaz Castro e así poñer en valor o patrimonio cultural do concello.

**Sometido o asunto a votación e aprobado por unanimidade.**

### Expediente 592/2019. Réxime adicacións e retribucións concelleiros/as equipo de goberno.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

**<< MODIFICACIÓN TEMPORAL DO RÉXIME DE ADICACIÓNS E RETRIBUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DE TURISMO E DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XUVENTUDE E DEPORTES POR BAIXA POR MATERNIDADE DA CONCELLEIRA DE MEDIO RURAL, MEDIO AMBIENTE E RÉXIME INTERIOR.**





## Concello de Guitiriz

Constituída a Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019, habendo resultado elixida alcaldesa-presidenta da Corporación na antedita sesión constitutiva.

Considerando o disposto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

Visto o informe de intervención 2019-0119 de data 1/07/2019 de fiscalización das retribucións e indemnizacións dos concelleiros e adicacións do equipo de goberno.

Visto o certificado de acordo de pleno de data 4 de xullo de 2019 donde se aproba o réxime de adicacións dos Concelleiros do Equipo de Goberno, así como as retribucións dos mesmos, donde se establecían as seguintes:

*“ Delegada de Medio rural, Medio ambiente e Réxime interior: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha adicación parcial do 50%, debendo adicar un mínimo de 20 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 1.250 € en 14 pagas.*

*Delegado de Xuventude e Deportes: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha adicación parcial do 20%, debendo adicar un mínimo de 8 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 625 € en 14 pagas.*

*Delegada de Turismo: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha adicación parcial do 20%, debendo adicar un mínimo de 8 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 625 € en 14 pagas”*

Visto o acordo de pleno de data 24/09/2020 de modificación do réxime de adicacións dos concelleiros do equipo de goberno, no que se aprobou a seguinte proposta:

*“PRIMEIRO.- Modificar con efectos de 01/10/2020 o réxime de adicacións dos concelleiros do equipo de goberno aprobado por acordo plenario de data 4/07/2019 no seguinte sentido:*

*-Delegada de Medio rural, Medio ambiente e Réxime interior: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha adicación parcial do 70%, debendo adicar un mínimo de 28 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 1.750 € (1.785 € actualizado a 2020) en 14 pagas.*

*-Delegada de Benestar social: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha adicación parcial do 50%, debendo adicar un mínimo de 20 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 1.250 € (1.275 € actualizado a 2020) en 14 pagas.*

*O resto de adicacións aprobadas por acordo plenario de data 4/07/2019 se manteñen nos mesmos termos.”*

Visto o acordo de pleno de data 27/01/2022 sobre a modificación do réxime de adicacións e retribucións da Delegada de Turismo, no que se aproba o seguinte:

*“PRIMEIRO.- Modificar o réxime de adicacións e retribucións da Delegada de Turismo quedando do seguinte xeito:*

*“Delegada de Turismo: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na*



Cod. Validación: 99G2G7ZEPQ2GCHKRMHLHTY | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 28



## Concello de Guitiriz

*lexislación vixente, cunha adicación parcial do 18%, debendo adicar un mínimo de 7 horas semanais as súas funcións e percibirá un soldo bruto mensual de 575 € en 14 pagas.”*

Dada a situación laboral da Delegada de Medio Rural, Medio Ambiente e Réxime Interior, que se atopa de baixa por maternidade, faise necesario que algún dos concelleiros do equipo de goberno asuma as funcións da mesma. Tendo en conta a carga de traballo que asume esta delegación faise preciso que dous concelleiros asuman as funcións e deste xeito distribúan as horas de adicación e na mesma proporción as retribucións que conleva, tendo en conta que agora mesmo a adicación da Delegada de Medio Rural, Medio Ambiente e Réxime Interior é a seguinte:

*“Delegada de Medio rural, Medio ambiente e Réxime interior: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha adicación parcial do 70%, debendo adicar un mínimo de 28 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 1.750 € (1.785 € actualizado a 2020) en 14 pagas.”*

Vista a dilixencia de existencia de crédito de data 18/05/2022 e o Informe de Intervención 2022-0118 de data 18/05/2022.

O Pleno da corporación, cos votos favorables do PSOE, do PP e coa abstención do BNG, adoptou o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Modificar o réxime de adicacións e retribucións da Delegada de Turismo e do Delegado de Xuventude e deportes temporalmente durante a baixa por maternidade da Delegada de Medio Rural, Medio Ambiente e Réxime Interior (do 18/04/2022 ata o 09/08/2022) quedando do seguinte xeito:

Ambos delegados asumirán a adicación da Delegada de Medio Rural, Medio Ambiente e Réxime Interior a partes iguais (50% cada un), sendo tamén as retribucións na mesma proporción (50% cada un).

**SEGUNDO.-** As adicacións terán efectos retroactivos dende a data en que a Delegada de Medio Rural, Medio Ambiente e Réxime Interior comezou a baixa por maternidade e os dous Concelleiros delegados asumiron as funcións e comenzaron a exercer as de conformidade co disposto no artigo 39.3 da Lei 39/2015 (dende o 18/04/2022 ata o 09/08/2022).>>

Aberto o debate pola Presidenta o voceiro do PP di, sabedores da constitución desta corporación municipal en data 15 de xuño de 2019 e considerando o disposto no RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais e na Lei 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia.

Vistos todos os informes e os acordos do Pleno de 4 de xullo de 2019 onde se aproba o réxime de adicacións dos concelleiros/as do equipo de goberno do concello de Guitiriz e as súas retribucións económicas onde se establecía entre outros, que a Delegada de Medio Rural, Medio Ambiente e Réxime Interior, agora de baixa por maternidade, desempeñaría as súas funcións cunha adicación do 50% debendo dedicar un mínimo de 20 horas semanais e por iso percibiría un soldo mensual de 1.250 euros en 14 pagas, máis en data 24 de setembro de 2020 pasou de adicar 28 horas a semana cunha adicación do 75% pasando a si a cobrar 1750 €. No ano 2020 a Concelleira de Benestar Social, en plena crise médica e social debido ao Covid, pasou do 70% ao 50% de adicación, unha dedicación parcial con un soldo de 1.270 euros mensuais en 14 pagas cando antes gañaba 1.750 euros

O Concelleiro de Xuventude e Deportes cunha adicación parcial do 20% debendo adicar un mínimo de 8 horas e cun soldo bruto de 625 euros en catorce pagas e a Concelleira Delegada de Turismo cunha adicación parcial do 18% debendo adicar un mínimo de sete horas e un





## Concello de Guitiriz

soldo bruto de 575 euros en catorce pagas.

O Partido Popular, o que quere saber é que funcións van desempeñar estes concelleiros/as, si se van facer ao unísono ou van estar repartidas para así cada día levar un área determinada e así solventar os problemas que podan xurdir e levar o control e vixianza de obras, medio ambiente e réxime interior.

En definitiva estes concelleiros/as van ter o dobre de traballo, o propio deles e a maiores o que asumen agora, por iso queremos que estas funcións as coñezan os nosos veciños/as e que saiban a quen teñen que dirixirse.

O voceiro do BNG di, o que van facer é repartir o salario da Concelleira de Medio Ambiente destes meses que vai estar de baixa para que non quede no remanente do concello. Como teñen maioría non hai moito do que falar polo que nós imos absternos.

A Sra. Alcaldesa di que dicir que van repartir o salario e dicir implicitamente que a Concelleira que leva esas áreas non fai nada, paréceme unha falta de respecto posto que esta Concelleira é a que mais horas fai comigo e incluso cando eu non estou.

Ese traballo tense que seguir facendo e como é por tempo limitado vano a facer estes dous concelleiros/as que son os que teñen mais dispoñibilidade e vanse a repartir na medida na que os deixen as súas ocupacións, sempre vai estar un deles para que calquera persoa que veña ao concello poida ser atendida.

O voceiro do PP di que eles pensan que é moito mais efectivo o reparto de funcións posto que son cousas moi distintas: medio ambiente, medio rural e réxime interior.

O voceiro do BNG di que o que intentaba dicir é que como son sete concelleiros/as aínda que falte un o traballo íase a facer igual polo que non estamos de acordo co reparto do salario.

A Sra. Alcaldesa di que están cobrando por facer un traballo e si van a traballar máis non vexo ningún problema porque cobren mais.

**Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e PP e coa abstención do BNG.**

### Expediente 436/2022. Modificación inventario de bens municipais

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

**<< Modificación do inventario de bens municipais da porción de terreo encravado en parcela municipal no lugar A Raposeira-Santa Leocadia. Expte. 436/2022**

Visto o seguintes antecedentes que constan no expediente:

Solicitud incoación de expediente de investigación de oficio de finca de Maria Nieves Pereira Comba, Jesus Maria Perez Pereira e Luz Prado Perez de data 7/01/2022 e con R.E. 135

Inventario de bens do concello de Guitiriz. Asento 91.

EPÍGRAFE 1º INMOBLES	
ASENTO 91	Nome da finca: ESCOLA DE SANTA LEOCADIA
Natureza do inmovible: URBANO	Situación: SANTA LEOCADIA





## Concello de Guitiriz

Inmable sito no lugar de Raposeira, na parroquia de Santa Leocadia, con referencia catastral 002102500NH97H0001JX de planta alta e baixa. Ocupa, segundo información catastral, unha superficie de solo de 80 m<sup>2</sup> e conta cunha superficie construída de 153 m<sup>2</sup>.  
Ubícase sobre unha parcela rústica catastrada a nomo do concello de Guitiriz coa referencia catastral 27022A340001330000OL.  
Tratase dun ben demanial de servizo público, desafectada do servizo educativo por Orde do Ministerio de Educación e Ciencia de 13.12.1976.  
Non se atopa inscrita no Rexistro da Propiedade.

Informe do técnico de medio ambiente do concello de Guitiriz de data 4/05/2022

Informe xurídico de data 18/05/2022.

Considerando o establecido no artigo 17 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O Pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder á modificación do Inventario de Bens Municipais da porción de terreo encravado en parcela municipal no lugar A Raposeira- Santa Leocadia, segundo o plano e o informe do técnico de medio ambiente de data 04/05/2022

### FICHA MODIFICADA DO INVENTARIO

EPÍGRAFE 1º INMOBLES	
ASENTO 91	Nome da finca: ESCOLA DE SANTA LEOCADIA
Natureza do inmable: URBANO	Situación: SANTA LEOCADIA
Inmable sito no lugar de Raposeira, na parroquia de Santa Leocadia, con referencia catastral 002102500NH97H0001JX de planta alta e baixa. Ocupa, segundo información catastral, unha superficie de solo de 80 m <sup>2</sup> e conta cunha superficie construída de 153 m <sup>2</sup> . Ubícase sobre unha parcela rústica catastrada a nome do concello de Guitiriz coa referencia catastral 27022A340001330000OL, desglosada coas seguintes superficies:	
Superficie inicial parcela 27022A340001330000OL	2.125 m <sup>2</sup>
Superficie porción de terreo encravado na parcela matriz de titularidade privada	553 m <sup>2</sup>
Superficie resultante da parcela 27022A340001330000OL tras modificación no inventario	1.572 m <sup>2</sup>
Tratase dun ben demanial de servizo público, desafectada do servizo educativo por Orde do Ministerio de Educación e Ciencia de 13.12.1976. Non se atopa inscrita no Rexistro da Propiedade.	

Segundo.- Darlle traslado do presente acordo a cantos interesados houberse no procedemento.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia do Concello de Guitiriz.>>

Aberto o debate pola Presidenta o voceiro do PP di que segundo o artigo 45 do Regulamento de Bens das Entidades Locais as corporacións locais teñen a facultade de investigar a situación dos bens e dereitos que se presuman da súa propiedade, sempre que esta non conste, a fin de determinar a titularidade dos mesmos.

Como ben di o informe xurídico que examinada a documentación aportada polos solicitantes



Cod. Validación: 99G2G7ZEPQ2GCHKRMLHTY | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 28



## Concello de Guitiriz

desprende que en devandito inmoible houbo unha forxa no seu día cunha superficie aproximada de 546 m<sup>2</sup>, mais a posterior nese terreo levouse a cabo a construción de dúas edificacións xemelgas con uso residencial e con licenza urbanística de data 23/02/1979.

Tras o levantamento topográfico recente o terreo ten unha superficie de 553 m<sup>2</sup> e como consta no informe de secretaria non é de titularidade municipal e polo tanto segundo o artigo 33 do Regulamento de Bens das Entidades Locais as rectificacións do inventario verificaranse anualmente e segundo o artigo 34 do devandito regulamento regula que o Pleno será o órgano competente para aprobar o inventario xa formado e a súa rectificación e comprobación.

En vista de todo o exposto o Partido Popular pide que se emenden esas deficiencias e se rectifique o inventario procedendo a darlle a titularidade de eses metros aos seus lexítimos donos e por todo isto imos votar a favor.

O voceiro do BNG di que segundo o informe do técnico de medio ambiente parece esclarecedor o resultado da división desta parcela, nomea que este terreo foi comunal e da entender que se construíu nel a escola de Santa Leocadia e posteriormente un par de vivendas, parécenos que o que se vai resolver é o mais axeitado para solucionar esta situación.

A Sra. Alcaldesa di que isto parte dunha situación que no seu momento construíuse aí pero a parcela quedou sen segregar e si os lexítimos donos das vivendas queren vender non constan como donos do solo polo que, dando cumprimento aos requisitos legais e estudado o asunto polos técnicos municipais esta foi a solución que se lle puido dar e hai que traela a Pleno para dar cumprimento ao Regulamento de Bens das Entidades Locais en canto a modificación do inventario

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.**

### Expediente 446/2022. Modificación ordenanza fiscal

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

**<< Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola tramitación de expedientes e expedición de documentos administrativos. Expte: 446/2022.**

Vista a providencia de alcaldía de data 18/05/2022 de incoación de expediente de modificación do artigo 7 da ordenanza reguladora da taxa pola tramitación de expedientes e expedición de documentos administrativos publicada no BOP de Lugo de data 7/01/2008 e posterior modificación publicada no BOP de Lugo de data 29/07/2021.

Vistos o informes de secretaria e de intervención de data 18/05/2022.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

O Pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo:





## Concello de Guitiriz

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7 (punto 2) da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola tramitación de expedientes e expedición de documentos administrativos que queda redactado da seguinte forma:

### Artigo 7. Tarifas. Punto 2. CERTIFICACIÓNS E OUTROS DOCUMENTOS.

Certificación relativas ó Padrón Municipal de Habitantes	Individuais Colectivos	1,80 euros 3,61 euros
Por certificacións de acordos municipais		6,50 euros
Por certificacións de resolucións de Alcaldía		3,25 euros
Visado ou legalización de cada documento pola Alcaldía		4,30 euros
Por certificación e informes emitidos por técnicos municipais		10,82 euros
Expedición de documentos similares ós dos apartados anteriores		2,16 euros
Certificación de copias autenticadas de documentos técnicos, por folia		3,61 euros
Relación de fincas catastrais por folia		0,30 euros
Licenzas para actividades varias, non incluídas noutra ordenanza (ex: festas)		10,00 euros
Por cada expediente para celebración de voda civil no Concello: -En días laborais (celebrados de luns a venres que sexan hábiles entre as 8:00 h. e as 20:00 h., e os sábados entre as 9:30 h. e as 13:30 h., agás os do mes de agosto) -Por cada enlace civil celebrado os días previstos no punto anterior en horario distinto do establecido, así como os sábados do mes de agosto, os domingos e festivos		30,00 euros 60,00 euros
Por cada expediente para celebración de acollemento civil no Concello: -En días laborais (cerimonias de luns a venres que sexan hábiles entre as 8:00 h. e as 20:00 h., e os sábados entre as 9:30 h. e as 13:30 h., agás os do mes de agosto) -Por cada enlace civil celebrado os días previstos no punto anterior en horario distinto do establecido, así como os sábados do mes de agosto, os domingos e festivos		20,00 euros 40,00 euros
<b>Certificación catastrais:</b> -Certificacións catastrais literais de bens urbanos e rústicos..... -Certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a unha unidade urbana ou unha parcela rústica.....		.....4,52 €/documento* .....17,97 €/documento*
<b>*Estes importes terán unha bonificación do 100% se os inmobles rústicos ou urbanos se atopan no termo municipal de Guitiriz.</b>		

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza se considerará definitivamente aprobada.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que so se modifica o artigo 7.2 "tarifas. certificacións" e se engade o seguinte: certificacións catastrais de bens urbanos e rústicos 4,52 €





## Concello de Guitiriz

por documento e certificacións catastrais descritivas e gráficas referidas unicamente a unha unidade urbana ou unha parcela rústica co importe de 17,97€ por documento.

Ao Partido Popular de Guitiriz parécenos ben se lle cobre aos foráneos, que estean empadroados noutro concello e que non teñan vinculación con este concello aínda que teñen bens nel e por outra banda os empadroados ou residentes neste concello se lles siga facendo de maneira gratuíta.

O voceiro do BNG di que é un engadido a ordenanza que xa hai, as certificacións catastrais van ter unha bonificación do 100% si os inmobles se atopan dentro do concello polo que así evitamos que neste concello se pidan certificacións catastrais de outros concellos e que se expidan de forma gratuíta e como din os informes non van a influír na declaración anual do concello polo que votarei a favor desta modificación.

A Sra. Alcaldesa di que esta modificación débese a que neste concello ata o de agora non se cobraba nada por este tipo de certificacións o que levaba a que moita xente doutros concellos, nos cales si se cobra por elas, viñeran aquí a solicitalas. As parcelas do noso concello xa están gravadas con impostos que repercuten no concello polo que parécenos lóxico non cobralas pero cando se trata de parcelas de outros concellos parécenos de recibo que teñen que pagalas.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.**

### Expediente 470/2022. Moción BNG para tomar medidas contra o abandono de vivendas do concello

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

O voceiro do BNG da lectura a moción:

#### << MOCIÓN PRA TOMAR MEDIDAS CONTRA O ABANDONO DE VIVENDAS DO CONCELLO

Exposición de motivos:

O longo de todo o concello vense vivendas en un total abandono por parte dos seus propietarios. Onde mais se nota este abandono de vivendas e nos cascos urbanos de Guitiriz e Parga. As dúas vilas dispoñen de beirarrúas para andar ou pasear, e estas casas algunhas xa en ruína total son un auténtico perigo para todos os viandantes.

Estas casas ou vivendas, non pasan desapercibidas para quen nos visita ou para os que aquí vivimos, non podemos quedar de brazos cruzados vendo todos os días estes abandonos cada vez mais pronunciados.

Para toda a xente que nos visita é tamén para nos mesmos, é un exemplo da mala xestión que se ben facendo dende o goberno do Concello, e unha vergoña ver no mesmo centro de Guitiriz casas totalmente en ruínas dende hai moito tempo, e sen expectativas de que se corrixan estas eivas. Que pensaran os que veñen a Parga ou Guitiriz por primeira vez?

Dende o BNG entendemos que o goberno do Concello ten que tomar medidas canto antes para paliar este tipo de abandono nas vivendas que están o carón das beirarrúas, porque,



Cod. Validación: 99C2G7ZEPQ92GCHKRMHLHTY | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 28





## Concello de Guitiriz

como xa dixen , son un perigo manifesto para todas as persoas que teñen que usar día a día estas beirarrúas.

Sométese o asunto a votación, emendándose o ditaminado na comisión informativa, modificándose o termo catalogo por inventario

A inclusión da emenda é aprobada por unanimidade e a proposta final é aprobada por unanimidade dos asistentes:

1º.- O goberno do Concello fará un inventario das casas e vivendas en estado de abandono severo ou xa en ruína.

2 .- O goberno do Concello instará aos propietarios das vivendas inventariadas de abandono a arraxalas canto antes.

3º.- O goberno do Concello instará aos propietarios das casas que están inventariadas como ruínas a o seu derrube, co fin de protexer a toda a cidadanía.>>

Aberto o debate pola Presidenta o voceiro do PP di que é certo que existe un total abandono nalgunhas vivendas, pero isto non so acontece no ámbito urbano sinon tamén no medio rural o que acontece é que no rural debido ao seu espallamento non se vén a primeira vista mais a maioría delas atópanse abandonadas ou derrubadas.

A lei do solo de Galicia establece que os propietarios de bens inmobles deben mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato publico, estean ou non protexidos, mais tamén fai constar que os concellos deben vixiar que asi se faga podendo no caso contrario adoptar medidas subsidiariamente e para iso pedimos ao grupo de goberno que se lles faga un requirimento oficial para que tomen medidas para arraxar os bens e sinon que o faga o concello e lles pase a minuta correspondente.

Por outra banda creo que vostede confunde, ou da pé a confusión, coa expresión “vivendas catalogadas” xa que seria mellor empregar a palabra “inventariadas”, é dicir vivendas inventariadas para o seu derrube ou arranxo.

O Partido Popular deste concello cree que o problema esta nas vilas e non no rural, por isto propoñemos a creación dun inventario de vivendas en mal estado con vistas a que se arranxen polos mesmos propietarios ou novos propietarios e así darlle saída por parte do Concello de Guitiriz a que esas vivendas poidan ser compradas. Estas vivendas que están en mal estado e se queiran arranxar sexan bonificados cun 95% do ICIO.

No inventario de vivendas en ruínas pedimos se lles facilite información necesaria a todos os donos para o seu derrube e que estean exentas de taxas e que as persoas que vaian a derrubar a ruína xa inventariada que o poidan facer baixo declaración xurada sen prestación económica nin exigencia de planos dado o seu alto custe.

É dicir, a nosa proposta, que non invalida a aquí presentada é que se fagan dous inventarios de vivendas: o inventario de vivendas en ruínas e un inventario de vivendas abandonadas ou en mal estado, que de acordo cos seus donos o concello informaría sobre a súa venda, numero de vivendas e onde se atopan, a persoas interesadas en compralas e isto faría que parte da historia cultural do noso concello seguise viva xa que moitas desas casas son casaríos antigos dignos de recuperación.

A Sra. Alcaldesa di que neste concello xa hai varios expedientes abertos sobre mantemento e conservación de vivendas pero estes procedementos son moi laboriosos e moi garantistas e para declarar unha vivenda en estado de ruína supón levar a cabo un procedemento moi complexo e pode pasar moitos meses.

En canto a proposta para que as arranxe o concello e logo lles pase os custes aos propietarios





## Concello de Guitiriz

teño as miñas dubidas si a liquidez do concello podería soportar ese gasto. En canto ao que comenta o voceiro do PP, que se poidan derrubar sin ningún tipo de proxecto asinado por un técnico, non o vexo moi viable, xa que si pasara algo quen asumiría esa responsabilidade sería o concello.

Con respecto a outra proposta para que o concello tivera un portal para ofrecer as vivendas, isto podería ocasionar algún tipo de confrontación coas inmobiliarias que existen no concello. Facer un inventario da vivendas abandonadas non supoñería ningún problema.

O voceiro do BNG di que o inventario é moi necesario aínda que se tarde tempo en facelo, xa non so pola imaxe que dan esas vivendas abandonadas sinon tamén pola seguridade.

O voceiro do PP di, que de facer isto debese facer a nivel de vilas posto que no rural é distinto. O que se podía facer por parte do concello é obrigar a enlucir e pintar as fachadas sobre todo as que están en ladrillo e levan así anos.

Con respecto a levar a cabo o derrube sin proxecto pode ser a propia empresa construtora quen asuma a responsabilidade.

A Sra. Alcaldesa di que non creo que sexa posible que as empresas construtoras asuman a responsabilidade porque vai en contra da lei.

En canto as bonificacións podemos estudalas pero eu creo que a maior parte dos donos de esas casas non teñen ningún interese nin en vendelas nin arranxalas.

O voceiro do PP di que a propia lei de Galicia di que os propietarios dos bens inmobles deben mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato publico.

Como xa dixen antes, dende o concello deberíase exixir que enluzan as fachadas sobre todo a aquelas casas que levan anos en ladrillo.

O voceiro do BNG di que estamos falando de comenar a facer algo, elaborar un inventario e avisar aos propietarios.

Votase a emenda para cambiar na moción a palabra “catalogo” por “inventario” e “vivendas catalogadas” por “vivendas inventariadas” quedando aprobada por unanimidade.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.**

### Expediente 471/2022. Moción BNG para reclamar melloras no transporte público na futura Lei de Mobilidade Sostible

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

O voceiro do BNG da lectura a moción

#### << MOCIÓN PARA RECLAMAR MELLORAS NO TRANSPORTE PÚBLICO NA FUTURA LEI DE MOBILIDADE SOSTIBLE

Exposición de motivos

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, vén de rexistrar iniciativas para que o *Goberno* do Estado modifique o Proxecto para asegurar que a futura Lei de Mobilidade Sostíbel aposte de maneira clara e decidida polo transporte público e colectivo de viaxeiros, adecuando ás necesidades da poboación e ás características propias da Galiza,



Cod. Validación: 99CG2G7ZEPQ82GCHKRMHLHTY | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 28



## Concello de Guitiriz

especialmente á dispersión poboacional, as características do servizo e das súas interconexións.

Reclamamos incrementar os servizos ferroviarios na Galiza e implantar un servizo de proximidade nas principais cidades e as súas áreas de influencia, así como tamén eliminar a proposta de implantar o pago por uso das vías de alta capacidade atendendo ao grave prexuízo que tería para Galiza, altamente dependente do transporte por estrada.

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana está elaborando o Anteproxecto de Lei de Mobilidade Sostíbel que ten por obxecto adaptar as políticas públicas de transporte e mobilidade ás necesidades reais das e dos cidadáns e aos retos do século XXI. Porén, a pesar desas declaracións de intencións, o contido dos plans de actualización das concesións de transporte colectivo por estrada “van en sentido completamente contrario”. O mapa de liñas deseñado polo INECO, (enxeñeira e consultaría do transporte), suporá un drástico recorte nas paradas, que quedarán reducidas á metade, e isto obrigará aos pasaxeiros das poboacións con menor demanda a utilizar o vehículo privado.

No caso da Galiza prevese unha redución de paradas nas liñas que percorren a A-6 e a A-52, e van quedar afectados os concellos de Guitiriz, o Corgo, Baralla, Os Nogais, Chantada, Quiroga, Palas de Rei, Monterroso e Pedrafita na provincia de Lugo; Ribadavia, Allariz, Trasmiras, Riós, A Mezquita e A Rúa en Ourense; Arzúa, Melide e Forcarei na Coruña e Silleda e Lalín en Pontevedra.

Lugo, será a zona máis afectada nesta supresión de liñas e, ademais, é o territorio que sofre un maior atraso en infraestruturas ferroviarias de proximidade e de conexións a través de vías de alta capacidade. Con esta reforma pasaríase dunhas 15 paradas a tan só 6, deixando a gran parte do territorio coa parada máis próxima a máis de 30 ou 40 km de distancia.

O Goberno debe modificar este plan e reconsiderar a proposta inicial de actualización das concesións de transporte colectivo por estrada e evitar a perda ou redución dos xa escasos servizos existentes Ademais, o BNG reclama reformular o proxecto para que na futura Lei quede explicitamente claro que se debe apostar polo transporte público de viaxeiros, adecuando ás necesidades da poboación as características do servizo e das súas interconexións, especialmente atendendo á dispersión da Galiza.

Guitiriz xa leva tempo afectado pola escasa conexión ferroviaria as vilas mais achegadas e tamén coa cidade de Lugo e coa cidade da Coruña. Pois ben agora tamén nos vai afectar nas liñas de autobús estatais. A única parada oficial entre a Coruña e Lugo vai ser Betanzos.

Con estas medidas non nos queda outra que seguir usando o vehículo privado para os desprazamentos, mais para iso tamén deberán enfrontarse coa decisión do executivo de establecer un pago por uso de vías de altas prestacións, o que supón unha grave discriminación no caso da Galiza. De facto, non existen alternativas de transporte viables distintas do uso das estradas, tanto para os desprazamentos dos cidadáns como para o transporte de mercadorías, o que suporá, ademais un obstáculo para a competitividade das empresas galegas.

O Pleno da corporación, por unanimidade dos asistentes, adoptou os seguintes acordos:

1º.- O Concello de Guitiriz instará ao goberno do estado a modificar a proposta de actualización das concesións de transporte colectivo por estrada para evitar a perda ou redución dos xa escasos servizos existentes

2º.- O Concello de Guitiriz demanda do goberno do estado reformular o proxecto para que na futura Lei quede explicitamente claro que se debe apostar polo transporte público de viaxeiros, adecuando ás necesidades da poboación as características do servizo e das súas





## Concello de Guitiriz

interconexións, especialmente atendendo á dispersión da Galiza.

3º.- O Concello de Guitiriz instará ao goberno do estado a incrementar os servizos ferroviarios de pasaxeiros no tramo Lugo a Coruña, así como implantar un servido de proximidade nas principais cidades galegas e as súas áreas de influencia.

4º.- O concello de Guitiriz a demandará do goberno do estado eliminar toda proposta de implantar o pago por uso das vías de alta capacidade que suporá un grave prexuízo para todo o país galego.>>

**Sometido o asunto a votación é aprobada por unanimidade.**

### Expediente 469/2022. Moción PP sobre actualización das concesións de transporte colectivo por estrada.

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes:

O voceiro do PP da lectura a moción:

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, esta a presentar as CC.AA. os seus plans para actualizar as concesións de transporte colectivo por estrada que son da súa competencia, polo tanto, o Goberno de España, presidido polo socialista Pedro Sánchez e apoiado por Unidas- Podemos pretenden eliminar a metade das paradas nas liñas de autobuses estatais e, para ilo, o executivo central pretende actualizar concesións que teñen 30 anos de antigüidade, priorizando as cidades en detrimento dos pobos e vilas que salpican a xeografía española pero en Galicia aínda é máis ságrante pois a metade das entidades de poboación de España concéntranse na nosa terra e en provincias como Ourense un 95% non chegan aos dous mil habitantes e en Lugo un 70% aproximadamente.

Qué vai ocorrer con estas novas concesións que pretenden este Goberno poñer en marcha?

Sra. Alcadesa, os criterios de esta nova normativa van dificultar o desenvolvemento das infraestruturas e por ilo a Xunta de Galicia instou ao Ministerio de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana, a ter en conta as peculiaridades propias do noso país, como son o espallamento e o envellecemento da poboación.

Por iso, a Administración Autonómica Galega pídelle ao Goberno que priorice factores como o reequilibrio territorial e a cohesión social e non só que se prioricen factores como o reequilibrio territorial e a cohesión social e non só criterios de rendabilidade económica, e isto parecemos moi grave, sobre todo vindo de partidos políticos de esquerdas que din que defenden aos máis necesitados e ollase claramente que priorizan as grandes cidades por riba dos núcleos rurais, como tamén priorizan que eses autobuses sexan máis rápidos e non perdan o tempo recollendo viaxeiros do mundo rural e que si estes queren viaxar se despracen ou ben a Coruña ou ben a Lugo, sendo pois un gasto moito maior das xentes que viven no rural con respecto da poboación das grandes urbes, ademais o Goberno español tamén está priorizando a rendabilidade económica de esas concesións estatais, antes de que o servizo para toda a poboación en liñas xerais.





## Concello de Guitiriz

O partido Popular de Guitiriz pensa que a rendibilidade esta ben que exista pero sempre priorizando o servizo a todos os pobos e a canta máis xente mellor, e para iso instamos ao goberno a que non suprima todas as paradas que pretende suprimir, xa que Guitiriz xunto con outras vilas importantes tales como Allariz, Chantada, Lalín, Arzua, Melide, etc, están no disparadero da supresión e iso vémolos completamente inxusto.

En xullo do 2020 o Consello de Europa acordou un instrumento excepcional de recuperación temporal coñecido como NEXT GENERATION EU, dotado duns 750.000 millóns de euros para o conxunto dos Estados Membros, máis o Goberno de España advirte de que os fondos Next generation de mobilidade só se poden invertir en núcleos de poboación de máis de 50.000 habitantes e todos os concelleiros aquí presentes saben que en Galicia vilas de máis de 50.000 habitantes apenas hai.

Como a Lei non recolle a mobilidade rural, nin incorpora conceptos fundamentais como o desenvolvemento das infraestruturas, a igualdade de oportunidades, a vertebración territorial e a cohesión social non podemos permitir que as vilas e pobos galegos queden baleiros de servizos e supoña un gasto maior aos nosos paisanos, cando no mundo rural as rendas son máis escasas por teren gran parte da nosa poboación pensións moi baixas con respecto ao mundo urbano e xa non digamos a outras comunidades autónomas e como expresou fai poucos días a concelleira de medio ambiente, territorio e infraestruturas, Ethel Vázquez o Goberno socialista o que pretende con esta norma é non executar as autovías de Ourense a Lugo e de Ourense a Ponferrada entre outras cousas.

O Pleno da corporación, cos votos favorables do PP e do BNG e cos votos en contra do PSOE, non acadou a maioría necesaria para a aprobación dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao Goberno español por medio de este Concello que en esas novas concesións entre a maior parte de paradas dos pobos e vilas por onde van pasar as liñas de autobuses.

2º.- Que no caso de Guitiriz, que queda a medio camiño entre as cidades da Coruña e Lugo, haxa unha parada, ou ben na vila de Guitiriz ou no lugar do Mesón da Cabra en Traspaga, dado que este concello conta con tres entradas e saídas a autovía e que dita infraestrutura ten aproximadamente quince quilómetros no noso termo territorial atravesando de este a oeste e viceversa.>>

Aberto o debate pola Presidenta comezan as quendas de intervención para debater as mocións presentadas polo BNG e PP.

A Sra. Alcaldesa di que estamos de acordo en pedir para o noso concello posto que é o que nos corresponde a toda corporación municipal polo que non temos ningún problema en apoiar estas mocións e instar ao Goberno a todo o que se pide nelas pero con algunha precisión xa que non estamos de acordo con algunhas cousas.

Como todo o que se pide nelas son cuestións bastantes xerais o que propoño a todos os membros da corporación é que, como estamos na fase na que se poden facer aportacións, comprometermos a facer unha reunión e ver cales son as mellores opcións para o noso concello e logo enviar esas aportacións como corporación municipal ao Ministerio como achega ao anteproxecto. Poñeremos en contacto cada un de nós co noso grupo respectivo no Congreso dos Deputados e facer unha aportación común como Concello.

O concello ten aprobado un plan de mobilidade e aproveitando a presentación deste plan ter preparadas esas aportacións concretas para o noso concello e comprometermos cada un de nós a envalas ao seu grupo no Congreso para que loiten por elas.





## Concello de Guitiriz

O voceiro do PP di que están de acordo sempre e cando se voten estas mocións.

O voceiro do BNG di que eles xa presentaron unhas iniciativas no Parlamento, as propostas eran para toda Galicia e Guitiriz vai incluído. Aquí falamos que nos sacaron unha parada do bus estatal, esa parada eliminárona e con esta moción xa se reclama, pero non temos ningún problema en facer unha proposta conxunta.

A Xunta xa fixo os seus recortes no seu momento e agora seguimos con mais recortes, dentro de pouco en Galicia servizos públicos de transporte non imos ter.

O voceiro do PP di que se vote cada moción e logo estaríamos de acordo en facer unha nova proposta.

A Sra. Alcadesa di que a proposta que fai é en substitución das mocións.

Da moción do BNG non temos nada que dicir pero en canto a moción do PP cando di “vindo de partidos políticos de esquerda que din que defenden aos mais necesitados” e “priorizando a rendabilidade económica”, “o goberno socialista o que pretende con esta norma non executar as autovías de Ourense a Lugo e Ourense a Ponferrada, entre outras cousas” non estamos de acordo.

**Sometidas as dúas mocións a votación queda aprobada por unanimidade a do Bloque Nacionalista Galego e rexeitada a do Partido Popular cos votos a favor do PP e BNG e en contra do PSOE.**

### Expediente 472/2022. Moción PSOE para que se aprobe a delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0

A Sra. Alcadesa da lectura a moción:

<<PROPOSTA DE RESOLUCIÓN E ACORDO QUE A ALCALDESA DO CONCELLO DE GUITIRIZ PRESENTA Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CON OBXECTO DE PROPOÑER Á XUNTA DE GALICIA A ADOPCIÓN DUN DECRETO QUE APROBE A DELIMITACIÓN DO TRAMO VILALBA-BETANZOS, COMO INTEGRANTE DO CAMIÑO NORTE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A partir dun traballo de investigación do *Anuario Brigantino 2017* relativo ó tramo Vilalba-Betanzos do Camiño Norte orixinal (tamén chamado Camiño Real), o denominado “Grupo de Amigos do Camiño Norte (tramo Vilalba-Betanzos)” emprendeu as labores da súa recuperación. Para iso, enviou toda a documentación pertinente ó Cabido da Catedral de Santiago e este respondeu positivamente en carta asinada por don Segundo L. Pérez López, Delegado de Peregrinacións, o 15 de xullo de 2021:

“Que conforme á documentación presentada e ó correspondente estudo histórico, non cabe dúbida que este traxecto formaba parte do antigo Camiño Norte a Santiago de Compostela.

Por elo, ós peregrinos que recorran este tramo e que cumpran as condicións acostumadas e establecidas pola Oficina de Acolida ó Peregrino concederáselles a Compostela como testemuña da súa peregrinación ó Sepulcro do Apóstolo Santiago”.





## Concello de Guitiriz

Máis tarde, o 9 de outubro de 2021, reuníronse en Betanzos os oito alcaldes e alcaldesas dese tramo, asinando unha Declaración favorable a promover as medidas necesarias para sinalizar e manter en bo estado o Camiño, solicitando das entidades públicas, especialmente da Xunta de Galicia, o seu apoio e colaboración a fin de que culmine este proceso co recoñecemento oficial e coa conseguinte integración na rede de Camiños Xacobeos.

A partir dese momento, o “Grupo de Amigos do Camiño Norte (tramo Vilalba-Betanzos)” deu un marxe de tempo para recibir aportacións varias e, acto seguido, solicitou á Fundación L. Montegudo a redacción dunha MEMORIA do Camiño Norte de Peregrinación a Santiago de Compostela no tramo Vilalba-Betanzos, acompañada das memorias específicas para cada concello, que incorporan, como é de rigor información textual, fotográfica e planimétrica detallada. E esas memorias foron trasladadas a todos e a cada un dos concellos: Vilalba, Xermade, Guitiriz, Monfero, Aranga, Irixoa, Paderne e Betanzos

Como era lóxico, seguiuuse na redacción destas memorias a metodoloxía empregada no DECRETO 158/2014, do 27 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa. DOG Núm. 245 Martes, 23 de decembro de 2014.

A este respecto, este concello, en coordinación con tódolos demais do tramo Vilalba-Betanzos, quere deixar claro que non é o seu propósito derogar nin emendar o citado Decreto, senón complementalo cun tramo de camiño plenamente documentado, que conflúe en Betanzos co Camiño Inglés, cuxa delimitación foi aprobada polo Decreto 110/2014, de 4 de setembro, DOG nº 178 de 18 de setembro de 2014, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés.

O Pleno da corporación, cos votos favorables do PSOE e do BNG, e coa abstención do PP, adoptou o seguintes acordos :

1º) Solicitar á Xunta de Galicia a adopción dun Decreto polo que se aprobe a delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño Norte de Santiago, segundo resulta da Memoria xustificativa.

2º) Notificar este acordo xunto coa Memoria xustificativa á Xunta de Galicia a fin de que incoe o procedemento necesario para a adopción do Decreto correspondente. Así mesmo, notificar o presente acordo ó Parlamento de Galicia, á Delegación do Goberno en Galicia, ás Deputacións Provinciais da Coruña e Lugo e ó resto dos concellos do tramo Vilalba-Betanzos

3º) Encomendar á Alcaldía a adopción das medidas necesarias para a efectividade do presente acordo en coordinación cos demais alcaldes e alcaldesas dos concellos do tramo.>>

Aberto o debate pola Presidenta o voceiro do PP di que o Partido Popular de Guitiriz non se vai opoñer a que se aprobe este novo camiño a Compostela que por certo estamos seguros de que aínda van a parecer moitos outros, mais pensamos que hai que facelo sen presa e sin pausa e con sentido. O ramal do Camiño Norte que vai pasar dende Vilalba cara Betanzos pola parroquia de Santa María de Labrada do Buriz, parroquia que estivo ligada historicamente, igual que a de San Pedro de Buriz ao Mosteiro de Monfero cuxo cenobio tiña unha granxa na mesma parroquia de Santa María de Labrada do Buriz onde dirixían as labores diarias os monxes ata a desamortización de Mendizábal e onde as xentes que habitaban ese territorio estaban supeditados a devandito Mosteiro, xa que as terras que traballaban eran propiedade do propio cenobio, o que propiciou que a día de hoxe non haxa montes en man común como si existen noutras parroquias limítrofes, xa sexan do mesmo concello o de outros, incluso de distintas provincias como por exemplo os diezmos que eran os impostos sobre as terras que pagaban ao Mosteiro de Monfero.





## Concello de Guitiriz

Hai que suliñar que tanto San Pedro de Buriz como Santa María de Labrada de Buriz eran dúas parroquias que durante o antigo réxime pertenceron a provincia de Betanzos estando ligadas as terras de Monfero onde o seu señor era o abade de devandito mosteiro ata a súa desaparición coa formación das novas provincias en 1933 polo Ministro de Facenda Javier de Burgos que propiciou a creación dos novos concellos nados con esta reforma e concretamente pasaron a formar parte do chamado, en lingua castelán, Ayuntamiento de la Puebla de Parga y Lagostelle, despois Ayuntamiento de la Puebla de Parga e Getiriz, despois Ayuntamiento de la Puebla de Parga e Guitiriz e despois Ayuntamiento de Trasparga e hoxe Concello de Guitiriz.

Unha vez aclarada parte da historia desas dúas parroquias e que conforman o norte do noso municipio cremos que a Sra. Alcaldesa debe falar cos veciños/as dos lugares por onde discorre ese tramo do Camiño Norte, na parroquia de Santa María de Labrada, tales como Toxeiras de Abaixo, A Paderna, Os Xiros, Cece, Gatelle, Os Carballiños e A Torre de Labrada. Tenlle que expoñer os pros e os contras do Camiño do Norte, cales var ser as vantaxes e os inconvenientes como a corta ou prohibición de algunhas especies arbóreas, ou a prohibición da ampliación das granxas, ou as novas exixencias en construír ou reparar as súas vivendas que a día de hoxe non existe, así como a burocratización e con elo o encarecemento, ben sexa a nivel de administración en canto a documentación que teñan que presentar cando vaian facer unha obra ou ben os cartos en viaxe non so ao Consistorio do Concello de Guitiriz sinon tamén a Lugo a Consellería de Patrimonio ou de Vivenda.

A parroquia de Santa Maria de Labrada a día de hoxe conta con 14 bens catalogados, tales como cruceiros, igrexas e capelas, mámoas chamadas na toponimia desa parroquia Medoñas.

Polo tanto pedimos que haxa consenso, quen o ten que decidir son os habitantes de Labrada e mais concretamente os afectados polo novo trazado do Camiño Norte Roteiro Vilalba-Betanzos. Nós non estamos en contra pero queremos que se fagan as cousas con sentido.

O voceiro do BNG di que eles están de acordo en propoñer a Xunta a adopción dun decreto que aprobe a delimitación do tramo Vilalba-Betanzos pero o que non sabemos é si os veciños/as de Labrada, polos que pasa ese tramo, están a favor e si están informados.

O camiño implica algo mais cunha demarcación oficial posto que tamén implica certos permisos que os veciños/as van ter que solicitar cando queiran por exemplo cortar unha arbore, pechar unha finca pola que pase o camiño.

Estamos de acordo en que se solicite pero é importante falar cos veciños/as para que estean informados.

A Sra. Alcaldesa di que isto é unha proposta para solicitar a Xunta de Galicia a adopción dun decreto polo que se aprobe a delimitación do tramo Vilalba-Betanzos como integrante do Camiño de Santiago.

O que temos que conseguir é que o camiño non “moleste” aos veciños/as, pero quen regula a nivel de autorizacións por onde transcorre o Camiño de Santiago é a Xunta de Galicia. Recentemente a Xunta sacou unha instrución que simplifica as actuacións que requiren da autorización de Patrimonio pero segue habendo moitas que si necesitan destas autorizacións. Cando algún veciño presenta no concello unha comunicación previa o licenza de obra que require de algún tipo autorización da Xunta de Galicia dende o concello enviase o expediente e así evitámoslle ese tramite aos veciños/as.

Intentaremos que a vida dos veciños/as que teñen tramos nas súas parroquias por onde pasa o Camiño de Santiago se vexa afectada o menos posible.

O voceiro do PP di Santa María de Labrada é unha parroquia moi importante historicamente, conta cunhas pinturas que se descubriron nos anos 90 do gótico hispano flamenco do século XV e queremos que se poñan uns carteis informativos posto que non os hai e que se pida o recoñecemento de BIC (bens de interese cultural).







## Concello de Guitiriz

A igrexa de Labrada é un verdadeiro museo polo que pensamos que o propio Concello de Guitiriz debería ter durante tres meses, os fins de semana, persoal na igrexa para abri-la e explicar as pinturas.

Intervén a alcaldesa para dicir que xa existen as visitas guiadas organizadas polo párroco da parroquia.

O voceiro do BNG di que el quere recalcar que os veciños/as teñen que estar informados e son eles os que teñen que decidir.

**Sometido o asunto a votación é aprobado con votos a favor do PSOE e BNG e coa abstención do PP.**

### B) DACIÓN DE CONTAS DO CONTROL INTERNO ANO 2020

O Pleno queda informado do resultados do control interno do ano 2020.

### C) ROGOS E PREGUNTAS

#### ROGOS

#### ROGOS PP

1º. Se pinten os pasos de peóns e as marcas viais que hai no noso concello así como o stop que hai vindo da Casilla hacia o Balneario que case non se ve na estrada.

2º. Se revisen as varandas do encoro de San Xoán xa que presentan un aspecto de bastante deterioro, están moi oxidadas.

3º. Se repare a cornixa da escola de Pigara dado que supón un perigo para a xente.

4º. Se limpe a maleza de varias beirarrúas do concello, algunhas teñen herbas moi altas.

5º. Se limpe a maleza e se bote formigón na casa que esta catalogada na Rúa das Canteiras como se fixo na Rúa de Santa Lucia.

Intervén a alcaldesa para aclarar que o que se fixo na Rúa Santa Lucia foi obra da Deputación, que é a propietaria da vía e que se fixo así porque se chegou a un acordo coos veciños/as.

Do espazo que esta falando vostede non é publico e quen o ten que mantelo limpo é o propietario non o concello.

6º. Na Rúa das Canteiras, próximo aos establecementos comerciais por onde pasan moitas persoas ao longo do día, se arranxen as losetas que hai levantadas na beirarrúa.

7º. Se arranxe a ponte que cruza o río Ladroil entre Ferreira de Parga e Parga.

#### ROGOS BNG

1º. Se arranxen as eivas da pista de xogo que ten o concello xunto ao PAI.

2º. Se renoven os taboleiros de anuncios que hai espallados por todo o concello.





## Concello de Guitiriz

3º. Non se abandone o pavillón do colexio de Parga e se faga limpeza máis a miúdo.

4º. Se repoñan as madeiras rotas da Ruta da Auga.

5º. Se arranxe un sumidoiro da Rúa Xermade, o que esta antes do ambulatorio.

6º. Se limpen as rutas de sendeirismo.

7º. Rogamos que vaia mirando o consumo de auga que vai haber no Balneario cando comece a funcionar, non vaia ser que para o ano que vén non chegue a auga da traída para todos/as. Intervén a alcaldesa para dicir que na ultima reunión de comuneiros de Lagostelle solicitouse para poder traer dunha fonte que esta no seu terreo.

### PREGUNTAS

#### PREGUNTAS PP

##### Preguntas pendentes de plenos anteriores:

-Valoración das facturas que tiñan un reparo. Responde a alcaldesa que este se debe basicamente a que, aínda que todas as facturas tiñan contrato, este faise a principios de ano tomando como estimación o gasto do ano anterior e nestes casos superouse o gasto estimado.

-Canto se leva gastado no tractor grande dende xaneiro de 2021 ata hoxe? Responde a alcaldesa que hai catro facturas, unha de 4 de marzo de 2021 de 4,00 euros e todas suman un total de 12.893,18 €.

##### Preguntas deste pleno:

1º. Cando esta previsto abrir a piscina municipal?

Resposta: despois de San Xoán, o 27 de xuño.

2º. Aplicouse unha normativa especifica para facer as bases para colocar os contenedores?

Resposta: a memoria técnica fíxoas o técnico de medio ambiente pero as esas obras aínda están sen recepcionar e aquelas que non cumpran coas especificacións técnicas terán que arranxalas.

3º. O tractor do concello esta desbrozando?

Resposta: Si

4º. Cando se ten previsto poñer os farois na Rúa Xermolos?

Resposta: Xa hai farois nesa rúa.

5º. Quen é o responsable das ITV dos vehículos do concello?

Resposta: as persoas que usan os vehículos son os quen normalmente levan o control.

6º. O conserxe condutor na súa xornada laboral, ficha ou sigue sen facelo?

Resposta: Si ficha.

7º. É normal que se use o vehículo de protección civil para mirar os contadores da auga e outros traballos mais?

Resposta: Cando non hai outro vehículo libre e é necesario facer un traballo por parte dos





## Concello de Guitiriz

traballadores do concello levase o vehículo de protección civil.

8º. Quen se encarga da apertura e do peche da pista de padel e cal é o seu horario?

Resposta: Hai unha aplicación que se usa para abrir, cando se solicita a pista a través da aplicación esta proporciona un código co que logo abres, e o peche é automático e a hora de peche é as once da noite.

9º. Cantos traballadores do concello están de baixa a día de hoxe?

Resposta: Teño que miralo e xa llo digo.

10º. Con data 3 de maio pedín varios escritos, entre outros pedín o xustificante de homologación conxunta da cesta porta persoas e do camión de obras que a posúe e o que se me envía e a documentación da cesta pero eu pido o ficha técnica do vehículo onde ten que ter a súa homologación.

### **PREGUNTAS BNG**

Preguntas deste pleno:

1º. Porque sigue no solar da Casa da Botica todo parado?

Resposta: Faltan tramites administrativos e autorizacións sectoriais porque como houbo unha modificación do proxecto hai que cumprir de novo con todos os tramites necesarios.

2º. O decreto que outorga o poder de representación a unha empresa para a xestión das placas solares a que se refire?

Resposta: Hai que solicitar en nome do concello a unha empresa subministradora para que nos paguen pola luz que producen as placas fotovoltaicas e para poder facer esa xestión en nome do concello necesitan un poder.

3º. Na piscina artificial dos Sete Muiños comezouse coas obras en setembro do ano pasado e aínda están sen rematar, pode dicirnos cando vai estar operativa?

Resposta: O 27 de xuño que é cando se vai abrir a piscina.

4º. Porque parou o lavado e limpeza das rúas e beirarrúas?

Resposta: Supoño que tiveron que atender a outras cousas máis urxentes.

5º. Con que aportación económica colaborou o concello coa asociación que fixo o levantamento da fosa común de Santa Mariña?

Resposta: Hai un acordo aprobado do ano 2019 para colaborar pero non sei en que consistía exactamente este acordo, pero míroo e dígollo.

6º. Porque non se lavan os contenedores orgánicos de recollida de lixo para evitar que agora que vén a calor cheiren tanto?

Resposta: Lávanse cando é necesario.

7º. Porque se cobrou polo uso da pista de Padel si aínda non ten os servizos dispoñibles?

Resposta: Foi un fallo da aplicación, cando esta se puxo en funcionamento acordamos coa empresa para que non se cobrara e por erro cobróuselle a dous persoas pero xa se lles devolveu os cartos.





## Concello de Guitiriz

---

8º. Cantos puntos de acopio de plásticos agrícolas se clausuraron?

Resposta: Estamos para clausuralos.

9º. Cando vai poñer a funcionar os composteiros municipais e quen os vai a xestionar?

Resposta: Pedimos unha subvención co concello de Xermade e instaláronse composteiros no concello de Xermade e no noso e a mesma empresa que os instalou vai poñelos en funcionamento e vai formar a un traballador/a do concello para que se encargue.

10º. Que van facer coa ramallada ou biomasa que depositan na parcela do polígono?

Resposta: Recóllea Greenalia.

### O voceiro do BNG fai lectura do seguinte manifesto

<< O BNG de Guitiriz esta cos traballadores despedidos de Ingemarga e apoia todas as súas reivindicacións e esiximos a súa reincorporación inmediata. Tamén queremos amosar a nosa preocupación polo futuro desta empresa emblemática do noso concello que acaba de presentar un novo expediente de regulación temporal de emprego por un ano é que vai afectar a toda a plantilla da fabrica. Todo o noso apoio e solidariedade aos traballadores e as súas familias.>>

A Alcaldesa di que toda a Corporación Municipal apoia totalmente ese manifesto e que ela solicitou unha reunión cos responsables da fabrica para ter información de primeira man de todo o que sucede.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 99G2G7ZEPQ2GCHKRMHLHTY | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 28